

A LINGUA GALEGA NON ESTÁ CONFINADA

Xa van 57 anos homenaxeando á nosa benquerida Lingua Galega, coincidindo coa data da publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro o 17 de maio de 1863.

Parte do alumnado da UNED Sénior non tivo a oportunidade de estudar a nosa Lingua; pero aínda así SOUBO MANTELA VIVA NA FALA, SOBRE TODO OS HABITANTES DA GALICIA RURAL.

Durante moito tempo, o pobo sencillo dicía que o Galego era un dialecto falado soamente no medio rural galego e considerado como unha lingua de segunda categoría.

O QUE MENOS SE IMAXINABA ERA QUE ESE MESMO POBO SENCILLO ERA O AUTÉNTICO CUSTODIO DA NOSA LINGUA.

TIÑA AS SÚAS RAZÓNS PARA PENSAR ASÍ:

-Quen usaba habitualmente o galego eran persoas con poucos ou ningúns estudos que, non tiñan acceso ó mundo literario.

-Por outra banda a lingua de Cervantes era a lingua dos mestres, dos notarios, do clero, das administracións...

Pero ...QUEDABA UN PEQUENO RESTO DENTRO DO MUNDO DA CULTURA que sabía que xa o Rei Alfonso X “O Sabio”, fillo do rei Fernando III “O Santo”, empregara a LINGUA GALEGA NAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA NO SÉCULO XIII; cando, por certo, Galicia ocupaba moito máis territorio que na actualidade..

A Lingua Galega é tan antiga como Galicia; pero foi evolucionando a través duns intelectuais moi adiantados para os seus tempos:

- Os Precusores.
- As Irmandades da Fala.
- O Seminario de Estudos Galegos.
- A Real Academia da Lingua Galega instituída no ano 1906 por Manuel Murguía o marido de Rosalía.
- E outros moitos...

Sebre todo foi co ESTATUTO DE AUTONIMÍA DE GALICIA do ano 1981 cando deu o salto definitivo á COOFICIALIDADE.

Xa fai 39 anos que a Lingua Galega é oficial igual que o castelán dentro de Galicia.

Pódese usar, tanto na fala como na escrita, en todo tipo de documentos oficiais.

É ademais unha LINGUA INTERNACIONAL porque soamente os Cantares Gallegos de Rosalía xa están traducidos a 42 idiomas.

Pero, desafortunadamente, aínda é hoxe o día no que temos que dedicarlle un día especial cada ano á nosa lingua galega, porque neste sentido aínda imos moi atrasados.

Aínda hai moitos galegos que pensan que unhas linguas son máis importantes e máis elegantes que outras; cando tódalas linguas teñen un vocabulario moi amplo capaz de expresar os setimentos máis sublimes ou os máis ruíns.

A ELEGANCIA ESTÁ NAS PERSOAS, NON ESTÁ NAS LINGUAS.

A persoa a quen se lle adican as Letras Galegas deste ano chámase DON RICARDO CARBALLO CALERO, un ferrolán que naceu fai agora 110 anos.

Foi o primeiro profesor de Universidade de Lingua e Literatura Galega vinculado coa Xeración NÓS, co Seminario de Estudos galegos, coa fundación do Partido Galeguista e con participación en 200 iniciativas por toda Galicia e tamén en Vianma do Castelo (Portugal); porque Don Ricardo tamén foi Membro da Academia de Ciencias de Lisboa (a capital de Portugal).

ESTE ANO É UN ANO MOI GRANDE PARA AS LETRAS GALEGAS PORQUE:

-Ademais de homenaxear a don RICARDO CARBALLO CALERO.

-Tamén celebramos o CENTERAIRO DA XERACIÓN NÓS integrada principalmente por personaxes tan ilustres como Vicente Martínez Risco, Ramón Otero Pedraio e Florentino Cuevillas, entre outros.

-E celebramos tamén O BICENTENARIO DUNHA MULLER NATURAL DE FERROL que foi á Universidade Central a Madrid cando aínda estaba prohibido o acceso das mulleres á universidade.

Esta muller é CONCEPCIÓN ARENAL que estudiou Dereito, Socioloxía, Historia, Filosofía e idiomas.

Foi tamén membro das Irmás de San Vicente de Paúl, pioneira no feminismo, visitadora de cárceres e loitadora polo sufraxio feminino.

UNHA MULLER MOI ADIANTADA PARA OS SEUS TEMPOS.

Galicia é un país rico, culto e resiliente como o veu demostrando ó longo dos tempos.

E agora máis que nunca ante esta pandemia que nos impide facer esta triple celebración o día 17 de maio e queda aprazada para o día 31 de outubro coincidindo co DÍA DO ENSINO en honra de don Ricardo que exerceu como profesor.

Esperemos poder facer festa maior o 1 de outubro sumándonos ós
DOCENTES ACTUAIS QUE ESTÁN LOITANDO MÁIS
INTENSAMENTE QUE NUNCA PARA SACAR ADIANTE A
INFANCIA QUE SERÁ A QUE LEVE O TIMÓN DE GALICIA EN
ANOS SUCESIVOS.

E o Alumnado Séenior tomando conciencia da grandeza do noso pobo e apoiando con tódalas nosas forzas a LINGUA GALEGA.

¡Viva a Lingua Galega!

¡Viva Galicia!

Paderne, 17 de maio de 2020

Mercedes Cachaza Platas.

Alumna da UNED Séenior na aula de Paderne (A Coruña)